



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



*Resolución do 13 de outubro de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia **no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de mantemento de vehículos (591209)**.*

Por unha Resolución do 30 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de técnicos de formación profesional en diversas especialidades, entre outras a de mantemento de vehículos (591209).

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e realizada a valoración dos méritos na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no **corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de mantemento de vehículos (591209)**, de acordo co disposto na base sexta da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional na especialidade indicada e facelas públicas no portal da Internet desta consellería (<https://www.edu.xunta.es/substitutoslistas>).

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de mantemento de vehículos (591209).

Segundo. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal da relación provisional de persoas admitidas e excluídas e do baremo provisional indicados no apartado anterior.

Terceiro. De acordo co disposto na base sexta da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas seleccionadas, non seleccionadas, a relación de persoas excluídas provisionais e o baremo provisional, mediante un escrito

 Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal da Internet. As alegacións así formuladas deberán remitirse despois da súa presentación oficial, co selo de rexistro, tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.es.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

